

RESOLUCIÓN (Expte. R-1/2006) Reloxos de Ferrol

Pleno

Excmos. Sres.:

D. José Antonio Varela González, Presidente

D. Fernando Varela Carid, Vogal

D. Alfonso Vez Pazos, Vogal

En Santiago de Compostela, a 4 de xullo de 2006

O Pleno do Tribunal Galego de Defensa da Competencia (Tribunal), coa composición indicada máis arriba e sendo Relator o vogal D. Fernando Varela Carid, ditou a seguinte Resolución no expediente R-1/2006, 3/2006 do Servizo Galego de Defensa da Competencia (SGDC), orixinado polo recurso interposto o 5 de abril de 2006 por Don J. J. M. S. contra o Acordo de arquivo de actuacións do SGDC referente á denuncia presentada polo recorrente contra CITIZEN WATCH ESPAÑA, S.A. por presuntas prácticas contrarias á Lei 16/1989, do 17 de xullo, de Defensa da Competencia (LDC).

ANTECEDENTES DE FEITO

1. Don J. J. M. S. presentou o 13 de xaneiro de 2006 escrito de denuncia contra Citizen Watch España, S.A. no Servizo Galego de Defensa da Competencia por supostas condutas prohibidas pola Lei 16/1989, do 17 de xullo, de Defensa da Competencia, consistentes nunha suposta negativa de subministro dos reloxos da marca mencionada á Relojería Martínez Pardo, sita en Rúa Real, 111, en Ferrol, establecemento do que é titular o denunciante.
2. Ante esa denuncia, o Servizo Galego de Defensa da Competencia efectuou unha instrución de información reservada de acordo ao disposto no artigo 36.3 da LDC, co obxecto de coñecer se a conduta denunciada respondía a unha actuación que non afectase a un ámbito superior ao da Comunidade Autónoma de Galicia, e se existían indicios de que esa conduta puidese constituír un ilícito da normativa de competencia.

No trámite de información reservada, o SGDC requiriu información de Citizen Watch España, S.A. sobre o seu sistema de distribución. Como resultado desa investigación reservada, o SGDC acordou, con data de 21 de marzo de 2006, o arquivo da denuncia sen máis trámite por considerar que non existían indicios de infracción da LDC.

Esa decisión baseouse en que para constituír un ilícito da LDC non basta a mera negativa inustificada a satisfacer as demandas de compra dun determinado produto, senón que debe existir unha posición de dominio no mercado ou unha situación ou dependencia económica nos termos descritos no artigo 6.1 da LDC. O SGDC considerou que o mercado relevante neste caso era o dos reloxos de gama media, partindo da

delimitación de mercados de reloxos efectuada polo Tribunal de Defensa da Competencia, na súa Resolución referente ao expediente 379/1996, Relojos Joya, na que se distinguen catro grupos diferentes de mercados: os modelos máis custosos, os reloxos de gama alta, os de gama media, e finalmente, os reloxos máis baratos.

O SGDC aceptou a información de Citizen de que a súa cota de mercado na venta de reloxos ao detalle non é significativa. Sobre esa base, o SGDC concluíu que non existe posición de dominio por parte de Citizen, e por tanto, tampouco abuso desa posición. O SGDC entendeu que o denunciante non demostrou que existise dependencia económica por parte da denunciada, xa que o pedido non atendido era tan só de once pezas.

O SGDC tampouco encontrou indicios de existencia de restricións verticais contrarias á lei, por considerar que o acordo de distribución de Citizen co seu axente en Galicia responde a un acordo “xenuíno” de axencia que non vulnera o disposto no artigo 1 da LDC.

3. Con data 5 de abril de 2006 e entrada neste Tribunal o 17 de abril, Don J. J. M. S. presentou un recurso contra o Acordo do SGDC de 21 de marzo de 2006 polo que se arquivou a denuncia do recorrente contra Citizen Watch España, S.A., solicitando que se dite Resolución deste Tribunal anulando a decisión do SGDC, e que se declare que Citizen Watch España, S.A., incorreu nunha práctica prohibida pola LDC ao interromper o subministro de reloxos á Relojería Martínez Pardo de Ferrol.

No seu escrito, o Sr. Martínez Sisto afirma que os reloxos Citizen non son de categoría media senón de media-alta, e que teñen coleccións que polas súas características fan que sexan pouco menos que únicos no mercado sen alternativas serias e significativas, en concreto as liñas de reloxos

mergullables Aqualand e Promaster que están especializadas en buceo e mergullamento. Considera o recorrente que si existe posición de dominio nese sector por parte de Citizen, e que a negativa inustificada a subministrar a gama de reloxos descrita vulnera a capacidade de oferta e competitividade no mercado do recorrente.

Tamén considera o Sr. Martínez Sisto que non é aceptable o argumento de falta de dependencia por parte do denunciante, conclusión á que chega o SGDC, en opinión do recorrente, sen valorar os posibles prexuízos da perda de rede comercial e clientela do seu negocio. Finalmente, afirma que o SGDC incorre en erro ao considerar como xenuíno o contrato de axencia de Citizen co seu distribuidor en Galicia.

4. En cumprimento do disposto no artigo 48.1 da LDC, o 17 de abril de 2006, este Tribunal remitiu ao SGDC escrito de petición do expediente de referencia co seu correspondente informe no que debía constar mención expresa á representación do recorrente e á interposición en prazo do recurso de Don J. J. M. S..
5. O 19 de abril de 2006, o SGDC remitiu a este Tribunal o expediente de referencia xunto co seu informe no que sinalaba que o recurso do Sr. Martínez Sisto fora presentado en prazo. Ademais, indicou o SGDC que aínda que o recorrente non acreditou de forma indubidable ser propietario da Relojería Martínez Pardo, considera que existe evidencia suficiente sobre ese feito.

Sobre a cuestión de fondo, o SGDC ratificouse nos fundamentos que deron lugar ao arquivo do expediente, segundo Acordo de 21 de marzo de 2006. O SGDC sinala no seu escrito que os acordos colusorios tipificados no artigo 1 da LDC esixen unha pluralidade de vontades autónomas que

acorden expresamente ou adopten unha conduta concertada ou conscientemente paralela para prexudicar a outros competidores reais ou potenciais, circunstancias que non se dan no presente caso, polo que pode concluírse que non existe colusión. Así mesmo, o SGDC considera que aínda que existise posición de dominio no segmento de mercado referido polo recorrente, os reloxos especiais para mergullamento, debería, ademais, existir abuso desa posición. En opinión do SGDC, non se produce tal abuso no presente caso.

6. O Pleno do TGDC, na súa reunión nº 25 de 27 de abril de 2006, pronunciouse contra a inadmisibilidade do recurso por considerar que fora presentado en prazo e que non concurrían nel ningunha das circunstancias consideradas no artigo 47 da LDC para non admitilo con carácter previo. Nesa mesma reunión nomeouse Relator ao vogal D. Fernando Varela Carid, seguindo a quenda establecida, e designáronse as seguintes partes interesadas, que foron informadas polo Tribunal para que se pronunciaran sobre o recurso presentado:

-Don J. J. M. S.

-Citizen Watch España S.A.

7. Citizen Watch, España S.A. remitiu a este Tribunal o 29 de maio de 2006 un escrito de alegacións no que afirma que non existiu negativa ao subministro de mercancía, senón simplemente un desacordo sobre os prezos dos artigos ofertados; indica tamén a empresa que non existe abuso de posición dominante de Citizen nin dependencia económica do Sr. Martínez Sisto respecto aos produtos comercializados por Citizen.
8. O Sr. Martínez Sisto presentou o 24 de maio de 2006 escrito de alegacións no que, en esencia, afirma que o mercado relevante neste caso é o dos

reloxos deportivos mergullables, no que, segundo a súa opinión, Citizen ocupa unha posición de dominio. Considera o recorrente que, existindo posición de dominio, cabe concluír que non hai nin houbo xustificación á negativa de subministro por parte de Citizen, e que por tanto esa firma incorreu nunha práctica contraria ás normas que regulan a competencia.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- O artigo 47 da LDC sinala que “os actos do *Servicio de Defensa de la Competencia* que decidan directa ou indirectamente sobre o fondo do asunto, determinen a imposibilidade de continuar un procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, serán recorribles ante o *Tribunal de Defensa de la Competencia* no prazo de dez días”. En virtude do disposto na Lei 6/2004, do 12 de xullo, reguladora dos órganos da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, e da Lei 1/2002, do 21 de febreiro, de coordinación das competencias do Estado e as Comunidades Autónomas en materia de Defensa da Competencia, as atribucións referidas no artigo 47 da LDC ao Servicio e ao Tribunal de Defensa de la Competencia da Administración Xeral do Estado, deben entenderse referidas tamén ao SGDC e a este Tribunal Galego de Defensa da Competencia.

Unha vez resolta a admisibilidade do recurso e oídas as partes, este Tribunal debe avaliar se as alegacións esgrimidas polo recorrente constitúen ou non causa suficiente para revocar a decisión de arquivo do SGDC do expediente en cuestión, e se, por tanto, as actuacións do SGDC e a fundamentación para o arquivo da denuncia obxecto de recurso son ou non axustadas á lei. Para ese fin, non é necesario entrar en detalle no fondo da cuestión que se ventila, neste caso, se as prácticas denunciadas son contrarias ou non ás normas de

competencia e se Citizen Watch España, S.A incorreu ou non nun ilícito da LDC. Esta última cuestión sería a materia substantiva a dilucidar no suposto de que o SGDC abriera un expediente sancionador sobre este asunto e, posteriormente, ese expediente fose remitido a este Tribunal para a súa consideración.

SEGUNDO.-Os feitos denunciados polo Sr. Martínez Sisto no seu escrito ante o SGDC de 13 de xaneiro de 2006 non son discutidos por ningunha das partes interesadas. Existe acordo suficiente entre as partes en que Citizen Watch España S.A. non subministrou un pedido de reloxos efectuado pola Relojería Martínez Pardo, de Ferrol, en 1997, e desde entón esa firma non volveu a subministrar máis reloxos á citada relojaría.

Polo contrario, existe discrepancia entre o denunciante, agora recorrente, e a empresa denunciada respecto á orixe e natureza do cese de subministro por parte de Citizen. Para o Sr. Martínez Sisto trátase dunha negativa de subministro asociada a prácticas contrarias á libre competencia. Para Citizen Watch España S.A, o cese no subministro debeuse a que non se chegou a un acordo sobre o prezo dos artigos incluídos no pedido da Relojería Martínez Pardo de 1997.

Convén sinalar, tal como acertadamente fai o SGDC, que no suposto de eses feitos constituíren un ilícito da LDC non estarían prescritos neste momento, por se tratar dunha conduta continuada, pois o recorrente fixo varios intentos para lograr que o seu pedido fose atendido por Citizen Watch España S.A., mesmo á altura do ano 2003, tal como está acreditado documentalmente.

TERCEIRO.- Asumindo hipotéticamente que os feitos referidos fosen unha negativa de subministro, tal como pretende o recorrente, a doutrina sinala que esa conduta só pode ser contraria á normativa de competencia baixo dous

supostos distintos. No primeiro, se se trata dunha conduta colusiva contraria ao artigo 1 da LDC, de maneira que a negativa ao subministro resulte dun acordo ou acción concertada por dúas ou máis empresas ou dunha decisión colectiva por parte dunha asociación ou agrupación de asociacións. No segundo suposto, pódese considerar contraria á LDC a negativa a subministrar se se enmarca nunha práctica de abuso da posición de dominio prohibida polo artigo 6 desa Lei. Neste segundo suposto, o abuso debe proceder dunha empresa con posición de dominio no mercado, e debe resultar nun efecto anticompetitivo, pois non sempre unha negativa de subministro efectuada desde unha posición de dominio é ilícita.

CUARTO.- No tocante ao primeiro suposto, no caso de que a negativa ao subministro derive dunha práctica colusiva contraria ao artigo 1 da LDC, habería que estudar se a práctica denunciada responde a algún tipo de restrición horizontal ou vertical da competencia. O SGDC chega á conclusión no seu escrito de arquivo do expediente e no seu informe ao recurso do Sr. Martinez Sisto de que non existe acordo ou conduta paralela que prexudique a un terceiro, e por tanto que non hai colusión no caso que nos ocupa. O SGDC afirma que os acordos colusorios “esixen unha pluralidade de vontades que acordan expresamente ou adoptan unha conduta concertada ou conscientemente paralela para prexudicar a outros competidores reais ou potenciais”, e que, “no caso denunciado, non existe acordo ou conduta paralela entre dous ou mais operadores económicos que prexudiquen a un terceiro. Non hai colusión.”

Esa conclusión é pertinente na medida en que previamente o SGDC afirmou que a conduta analizada é un feito illado, non xeneralizable a outros casos de relación comercial entre a empresa denunciada e os distribuidores retalistas. En consecuencia, o que está avaliando o SGDC é a relación comercial establecida, ou mellor, a ausencia de relación, entre Citizen Watch España S.A

e a Relojería Martínez Pardo, na que non se observa pluralidade de vontades con intención de coludir.

O SGDC fai referencia explícita á cuestión de se estamos ou non ante unha conduta illada no seu Acordo de arquivo do expediente, cando sinala que a competencia quedou atribuída ao propio SGDC “dado que se trata dunha acción puntual da empresa respecto ao denunciado”. Sen embargo, o SGDC non achega ningunha proba que respalde esa afirmación, de xeito que quede perfectamente demostrado que, efectivamente, estamos ante un feito puramente puntual. Entende este Tribunal que sería necesario investigar con máis detalle se se produciron ou non máis feitos como o que foi obxecto de denuncia por parte do Sr. Martínez Sisto. Esta cuestión pode ser relevante para avaliar se existen ou non indicios de posibles prácticas restritivas de carácter vertical. No caso de tratarse dunha conduta xeneralizada, hipótese que non pode descartarse *a priori* sen proba en contrario, habería que investigar se a forma de distribución da empresa denunciada, para o tipo de produto considerado, entre os establecementos retallistas segue algún patrón que poda ser contrario ás normas de competencia, por exemplo, a través dalgunha variante de distribución selectiva non amparada pola lei. Neste caso, a conduta denunciada podería constituír un ilícito contrario ao artigo 1 da LDC, pois sería manifestación dunha conduta anticompetitiva. Dado que estes extremos non foron aclarados na fase de información reservada do SGDC, parece oportuno recomendar que se leve a cabo unha investigación de maior profundidade ao respecto.

QUINTO.- O outro suposto para poder considerar unha negativa de subministro como contraria á LDC é que se trate dun abuso de posición de dominio. A LDC considera explicitamente esta circunstancia no seu artigo 6.2.c, cando sinala: “O abuso poderá consistir, en particular, en: (...) c) a negativa inustificada a satisfacer as demandas de compra de produtos ou de prestación de servizos.”

A doutrina, amplamente expresada en numerosas resolucións do Tribunal de Defensa da Competencia e a xurisprudencia española e comunitaria, sinala que, para determinar se unha conduta é contraria ao artigo 6 da LDC, deben analizarse os tres aspectos seguintes: en primeiro lugar, débese establecer cal é o mercado relevante no que se produce a conduta en cuestión; en segundo lugar, cómpre determinar se a entidade obxecto de análise ocupa unha posición de dominio nese mercado relevante; e en terceiro lugar, se existe ou non abuso da posición de dominio.

SEXTO.-A delimitación do mercado relevante é esencial para poder determinar con fiabilidade se existe ou non posición de dominio posto que tal dominio só pode exercerse respecto a un ámbito mercantil específico que é precisamente aquél no que se comercializan os produtos ou servizos que presta a empresa obxecto de análise.

No caso que nos ocupa, o SGDC, efectuando un planteamento xeral acertado dos tres aspectos mencionados no Fundamento Quinto desta Resolución, procedeu a identificar o mercado relevante para os reloxos comercializados por Citizen Watch España S.A. Baseándose na Resolución do TDC relativa ao expediente 379/1996, Relojes Joya, o SGDC chegou á conclusión de que os reloxos da empresa referida pertencen ao grupo de gama media, mercado que está amplamente diversificado entre diversas marcas e no que Citizen Watch España S.A. non ocupa unha posición de dominio. A conclusión lóxica é que a conduta denunciada non pode tipificarse como contraria ao artigo 6 da LDC, e por tanto, non é preciso continuar a investigación e procede archivar o caso.

Ora ben, este Tribunal considera que existe unha dúbida razoable respecto a se os reloxos para mergulladores dos tipos solicitados a Citizen Watch España S.A. pola Relojería Martínez Pardo, nomeadamente os modelos Aqualand e

Promaster, dirixidas a un público especializado en actividades de buceo e mergullamento, poden ou non constituír un mercado relevante diferenciado de outros tipos de reloxos de uso común, e, por tanto, poden considerarse como un grupo diferente dos catro identificados na citada Resolución do TDC, a saber, os modelos máis custosos, os reloxos de gama alta, os reloxos de gama media, e os reloxos máis baratos.

O recorrente, aínda que se refire aos reloxos para mergulladores como un mercado diferenciado, non achega proba concluínte de que sexa así. Tampouco a empresa denunciada achega proba de refutación deste extremo. Sería oportuno, por tanto, que o SGDC efectuase unha análise para determinar se efectivamente o mercado de reloxos para mergulladores constitúe un mercado separado de outros tipos de reloxos.

Conviría tamén que o SGDC tivese en conta dimensión xeográfica do mercado relevante, de maneira que se determine se debe considerarse o ámbito exclusivamente galego ou o español, ou mesmo outro máis amplo, dada a especialización do produto analizado e os novos sistemas de comunicación e venda actuais, a efectos de coñecer a incidencia real da práctica denunciada.

Neste sentido, conviría analizar a intercambialidade ou sustituibilidade, tanto polo lado da oferta como da demanda, de eses reloxos, tendo en conta as alternativas para eses produtos, no seu dobre ámbito de mercado relevante de produto e mercado relevante xeográfico, así como outras variables que podan incidir na definición de mercado relevante neste caso.

SÉTIMO.- Unha vez establecido con claridade o mercado relevante, e no hipotético caso de que os reloxos para mergulladores constituían efectivamente un mercado separado, o paso seguinte sería determinar se a empresa denunciada ten posición de dominio nese mercado.

A LDC non define o que é posición de dominio, pero a doutrina e a xurisprudencia delimitan suficientemente ese concepto. Entre múltiples Resolucións do TDC que cabería citar a este respecto, pode mencionarse, como simple referencia, a de 27 de xullo de 2000, Expte. 465/99, Propiedade Intelectual Audiovisual: "...a posición de dominio dun operador económico nun mercado determinado expresa a súa aptitude para modificar proveitosamente, respecto da situación de competencia, o prezo ou calquera outra característica do produto".

Para determinar se efectivamente existe poder de mercado, que confire esa "aptitude para modificar proveitosamente" as condicións da competencia, pódense aplicar diversos criterios, que deben avaliarse de xeito conxunto para chegar a unha conclusión razoada. Entre eses criterios, quizais o máis importante sexa a cota de mercado, que ofrece unha indicación clara de se a empresa en cuestión ten ou non capacidade de actuación independente para influír nas condicións de competencia no mercado relevante previamente definido, mesmo que por si soa non constitúa proba irrefutable da existencia de poder de mercado.

Sería conveniente, por tanto, en opinión deste Tribunal, que o SGDC analizase a cota de mercado e demais criterios que podan servir para avaliar se Citizen Watch España S.A. ten unha posición de dominio no suposto mercado relevante de reloxs para mergulladores, caso de determinarse que ese mercado constitúe unha entidade diferenciada de outros mercados de reloxs.

OCTAVO.-Finalmente, unha vez avaliada a posible posición de dominio da empresa denunciada no hipotético mercado de reloxs para mergulladores, o SGDC debería analizar se estamos ante unha conduta de abuso desa posición de dominio, pois, como se sinalou mais arriba, non todas as negativas de

subministro, mesmo as exercidas por unha empresa con posición de dominio, son contrarias as normas de competencia. Existen múltiples supostos baixo os que cabe imaxinar causas de negativa de subministro perfectamente compatibles coa LDC, por exemplo, mesmamente a que alega a denunciada, por unha falta de entendemento entre as partes sobre as condicións comerciais da transacción.

Neste sentido, o SGDC afirma con razón que aínda que existise posición de dominio deberían cumprirse varios requisitos para que se considerase abuso desa posición e por tanto se incorrese en prácticas contrarias á libre competencia.

Entre eses requisitos, os máis significativos no asunto que nos ocupa son, primeiro, que se afecte o nivel de competencia a través da práctica en cuestión; e, segundo, que a práctica analizada produza un prexuízo para os clientes ou os consumidores. Para comprobar se existe afectación da competencia, resulta de novo pertinente coñecer se a conduta denunciada ten natureza puramente puntual ou se, polo contrario, ten un carácter máis xeneralizado. En boa medida, esta consideración reitera o xa indicado no Fundamento Cuarto anterior desta Resolución. No suposto de se detectaren outros casos de restrición da oferta na área de Ferrol ou noutras cidades, é posible que o nivel de competencia se vexa afectado, por iso é importante determinar con claridade se estamos ante unha práctica puntual ou se tamén afecta a outros demandantes retallistas desta marca.

Do mesmo modo, os consumidores poderían verse prexudicados se como consecuencia da hipotética práctica restritiva os prezos dos reloxos aumentasen con respecto a outros produtos semellantes ou noutras áreas de

venda. Unha análise de mercado sinxela podería aportar información moi valiosa para avaliar correctamente esta circunstancia.

NOVENO.-Polo que antecede, este Tribunal considera que existen razóns fundadas para estimar parcialmente o recurso interposto o 5 de abril de 2006 por Don J. J. M. S. contra o Acordo de arquivo de actuacións do SGDC referente á denuncia presentada contra Citizen Watch España, S.A., e, en consecuencia, devolver o expediente ao referido Servizo para que se efectúen as investigacións oportunas que permitan aclarar os extremos indicados nos Fundamentos de Dereito precedentes. A estimación do recurso basease en que, para excluír de modo convincente a existencia de indicios dunha conduta contraria á LDC, debe efectuarse unha investigación para determinar se os reloxo específicos para mergullamento constitúen un mercado relevante diferenciado, se a empresa Citizen Watch España S.A. ten unha posición de dominio nese mercado, e se existe ou existiu abuso desa posición de dominio por parte desa empresa, alén de descartar a existencia de calquera práctica restritiva vertical. Sobre esa base resulta pertinente estimar a parte do recurso na que se solicita a revogación do Acordo de arquivo da denuncia de 21 de abril de 2006 do SGDC.

Polo contrario, non cabe estimar a petición do recorrente para que se declare que a empresa denunciada incorreu nunha practica prohibida pola LDC pois nesta fase do proceso e ante a falta de información apuntada nos parágrafos precedentes, o Tribunal non entrou a avaliar se a conduta denunciada constitúe ou non un ilícito da LDC. Como xa se sinalou no Fundamento de Dereito Primeiro, esa cuestión sería a materia substantiva a dilucidar se o expediente fose incoado por parte do SGDC e remitido a este Tribunal para a súa consideración.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, o Tribunal

RESOLVEU

PRIMEIRO.- Estimar o recurso interposto o 5 de abril de 2006 por Don J. J. M. S. contra o Acordo do Servizo Galego de Defensa da Competencia de 21 de marzo de 2006, no tocante ao arquivo da denuncia presentada polo recorrente contra Citizen Watch España, S.A. por presuntas prácticas contrarias á Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, e, en consecuencia, declarar nulo e sen efecto o Acordo de arquivo da referida denuncia.

SEGUNDO.-Instruír ao Servizo Galego de Defensa da Competencia para que retrotraia as súas actuacións ao momento anterior ao arquivo do expediente e continúe as súas investigacións para determinar con claridade se os feitos denunciados por Don J. J. M. S. o 13 de xaneiro de 2006 constitúen ou non unha conduta contraria aos artigos 1 e 6 da Lei de Defensa da Competencia, de acordo ás liñas indicadas nos Fundamentos de Dereito Cuarto, Sexto, Sétimo, Octavo e Noveno desta Resolución, e no seu caso, incoe o correspondente expediente sancionador. Os aspectos que convén analizar son, nomeadamente, se os reloxos específicos para mergulladores constitúen un mercado relevante diferenciado, se a empresa Citizen Watch España S.A. ten unha posición de dominio nese mercado, e se existe ou existiu abuso desa posición de dominio por parte desa empresa, alén de descartar a existencia de calquera práctica restritiva vertical en relación aos feitos denunciados.

TERCEIRO.- Desestimar o resto de peticións efectuadas por Don J. J. M. S. no seu recurso de 5 de abril de 2006 interposto ante este Tribunal, e nomeadamente a pretensión de que este Tribunal declare que a empresa denunciada incorreu nunha práctica prohibida pola LDC.

Comuníquese esta Resolución ao Servizo Galego de Defensa da Competencia e notifíquese aos interesados, informándoos que contra ela non cabe recurso algún, sen prexuízo dos que procedan cando este Tribunal dite Resolución definitiva.